



CUESTIONARIO PROUST SAMUEL MERINO: POETA E ARTISTA MULTIDISCIPLINAR

*Lecturafilia**Cuestionario Proust**artista multidisciplinar*, *quantanamera*, *pompa e boato*, *samuel merino*, *trementina**Deja un comentario*



Samuel Merino, ou Pompa&Boato, como é recoñecido no mundo artístico, é un creador multidisciplinar que desenvolve actuacións escénicas nas que a poesía e a filosofía son os eixes centrais, con creacións de carácter intimista e autorreferenciais. Con elas pon o foco na indicibilidade das sensacións que afogan ás persoas pensándose a si mesmas; persoas que reflexionan acerca do lugar que ocupan no mundo e mais tamén do xeito no que este habita os corpos individuais.

En 2019 publicou o seu primeiro poemario en español *Enésima Patada con Amor*, ao que seguiu, en 2021, *Trementina*.

Guantanamera. Poema nun só acto é o seu primeiro traballo en lingua galega.

Coñecémolo un pouco mellor neste Cuestionario Proust:

1. O principal trazo do teu carácter? **A extraversión.**
2. Que calidade aprecias máis nun home? **A amabilidade.**
3. E nunha muller? **A amabilidade.**
4. Que agardas das túas amizades? **Xa me deron moito. Agardar algo aínda sería egoísta.**
5. O teu principal defecto? **A impulsividade.**
6. A túa ocupación favorita? **Digo, con certa vergonza, que os memes.**
7. O teu ideal de felicidade? **A serenidade.**
8. Cal sería a túa maior desgracia? **A morte da miña avoa. O derrubamento do meu fogar.**
9. Que che gustaría ser? **Menos egoísta.**
10. En que país desexarías vivir? **En calquera no que poida bicar ou darlle a man a un home sen que me aforquen e no que poida ver a cara ds mulleres que atope pola rúa. Son só dous exemplos...**
11. A túa cor favorita? **Ocre.**
12. A flor que máis che gusta? **A astromelia.**
13. Que paxaro prefires? **O paporroibo porque é o que primeiro canta ao amencer e eu madrugo moito.**
14. Os teus autores/as favoritos en prosa? **Saramago, Houellebecq, Virginia Woolf, Yasmina Reza, Amelie Nothomb.**
15. E poetas? **Leopoldo M. Panero, Anne Carson, Roberto Juarroz, Pedro Salinas, Olga Novo, Silvia Penas, Gonçalo M. Tavares, Mar Becker (a maioría veño de descubrilas).**

16. Un heroe de ficción? **Polos recordos da Infancia: Batman e Robin. Moi gay, claro :))**

17. Unha heroína? **Por infancia, tamén, a muller biónica.**

18. O teu músico ou música favorito/a? **Non teño unha favorita. pero nada me emociona coma o Passacaglia de Handel e Halvorsen.**

19. O teu pintor ou pintora preferido/a? **Caravaggio, podería dicir.**

20. O teu heroe ou heroína na vida real? **Heroe, non teño. Heroína, a miña avoa.**

21. O teu nome favorito? **Carme.**

22. Que hábito alleo non soportas? **Guindar lixo ao chan.**

23. Que é o que máis detestas? **A marxinación e o olvido.**

24. Unha figura histórica que che poña mal corpo? **Paquiño e os seus secuaces.**

25. Un feito histórico que admires? **Ese feito, segurísimo, permanece oculto, e levouno a cabo unha muller.**

26. Que virtude desexarías posuír? **A bondade sen fisuras.**

27. Como che gustaría morrer? **Non me gustaría morrer.**

28. Cal é o estado máis común do teu ánimo? **Alegre -ma non troppo-**

29. Que defectos che inspiran maior indulxencia? **A capacidade de meter a zoca constantemente. Moi miña.**

30. Tes unha máxima ou lema de vida? **A miña máxima é odiar o mínimo. (Non o consigo sempre, claro)**